



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 18 de maio de 2015, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Atletismo.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que a ratio máxima sexa de 20 alumnos/as por aula nos módulos de carácter teórico e de 10 nos módulos prácticos.
2. Para o artigo 7, apartado m), propónse que se substitúa o seguinte texto “**o respecto aos demais e o respecto e coidado polo medio ambiente**”, polo seguinte: “**respecto aos demais evitando a discriminación de xénero ou calquera outra, e respecto e coidado do propio corpo**”. *Páxina 5, liñas 9 e 10.*
3. Para o artigo 10, apartado k), propónse que se substitúa o seguinte texto “**o respecto aos demais e o respecto e coidado polo medio ambiente**”, polo seguinte: “**respecto aos demais evitando a discriminación de xénero ou calquera outra, e respecto e coidado do propio corpo**”. *Páxina 7, liñas 12 e 13.*
4. No Módulo común de ensino deportivo: Bases do comportamento deportivo, punto 3, apartado g), propónse engadir o texto en negriña: “g) Demostrouse interese por respectar os intereses das persoas, evitando os prexuízos e valorando os elementos diferenciadores individuais tales como: emocións, sentimentos, personalidade, sexo, **orientación sexual**, características morfolóxicas, orixe cultural, clase social”. *Páxina 21, liñas 12 a 15.*
5. Nese mesmo módulo, punto 4, apartado c), propónse engadir o texto en negriña: “c) Reflexionouse sobre os propios prexuízos e estereotipos, incluíndo os de xénero **e/ou orientación sexual**”. *Páxina 21, liñas 29 a 30.*
6. No punto 3 de contidos básicos do módulo citado, propónse engadir o texto en negriña: “Discriminación: por razón de xénero, **orientación sexual**, de capacidade, actitudes xenófobas”. *Páxina 23, liña 19.*



7. E no punto 4 de contidos básicos do módulo citado, propónse engadir o texto en negra: "Autoavaliación e reflexión dos propios prexuízos e estereotipos persoais, incluídos os de xénero e **orientación sexual**". *Páxina 25, liñas 9 e 10.*
8. No Módulo común de ensino deportivo: Bases da aprendizaxe deportiva, punto 2 de contidos básicos, propónse engadir o texto en negra: "Identificación dos factores que inflúen na aprendizaxe, dependentes o alumnado: idade, sexo, **orientación sexual**, coñecementos previos, coeficiente intelectual, motivación". *Páxina 58, liñas 27 a 29.*

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tlf.: 881997654
conselloescolar@edu.xunta.es



Ref.: FDPA/Jal

Achégolle, ós efectos oportunos, o resultado da tramitación dos seguintes proxectos de decreto que foron sometidos a ditame na sesión do Pleno do Consello Escolar de Galicia do día 18 de maio de 2015:

- DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO.
- DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS INICIAL E FINAL DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN DISCIPLINAS HÍPICAS DE SALTO, DOMA E CONCURSO COMPLETO, E TÉCNICO DEPORTIVO EN DISCIPLINAS HÍPICAS DE RESISTENCIA, ORIENTACIÓN E TURISMO ECUESTRE.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2015

O VICEPRESIDENTE,



Fernando del Pozo Andrés

Sr. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.